## ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

| IES A POBRA DO CARAMIÑAL | | MATERIA: HISTORIA DA ARTE | CURSO 19-20 |
|---|---|---|---|
| 1.COMPETENCIA BÁSICA | | 2. INDICADORES DE LOGRO FUNDAMENTADOS NOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DA MATERIA | 3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN NO 3° TRIMESTRE |
| Identificar, recoñecer e explicar as concepcións artísticas e as características esenciais dos seguintes estilos: | | • Explica as características esenciais dos estilos expostos no bloque 1 (Competencias básicas).<br>• Identifica as obras máis representativas de cada estilo.<br>• Emprega a terminoloxía básica da materia para expoñer con coherencia as características de cada estilo.<br>• Define os conceptos básicos da materia con rigor e utilizando exemplos.<br>• Extrae diferencias entre os distintos estilos a partir de obras representativas.<br>• Vincula cada estilo a un determinado contexto histórico e cultural. | • Partcipación activa na clase a través de videoconferencia. Ata un 10% da nota final en función da participación do alumno (preguntas, resolución de dúbidas, etc)<br>• Comentarios e prácticas. Poden chegar ata o 50% da nota final. Cada comentario valórase de 0 a 10.<br>• Traballo de investigación sobre a función social do arte e do artista. Ata o 40% da nota final dentro dunha puntuación de 0 a 10. Cada alumno traballará o bloque de avalición que teña que recuperar.<br>• Poderá realizarse unha proba oral ou escrita por videoconferencia. Contaría o 40% da nota final, que se restaría ao 20% dos comentarios e outro 20% do traballo de investigación. |
| 1° Aval | • Arte grega e romana.<br>• Arte Paleocristiania e Bizantina<br>• Arte Prerrománico Arte Románico<br>• Arte Gótico | | |
| 2° Aval | • Arte Renacentista<br>• Arte Barroco | | |
| 3° Aval (materia ampliación) | • S.XIX: Goya, Manet, Impresionismo e postimpresionismo.<br>• S.XX: As Vangardas. Arquitectura: Van der Rohe, Le Corbusier, F. Lloyd Wright | | |

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

a) Tódolos alumnos poden subir nota ou recuperar a totalidade da materia mediante actividades de reforzo e recuperación.
b) As tarefas de ampliación (correspondentes coa terceira avaliación no apartado de competencias), servirán para subir ou consolidar nota para o alumnado coas avaliacións presencias aprobadas. Para os demáis non son obrigatorias.
c) Os alumnos con algunha avaliación suspensa deberán facer tarefas específicas do bloque correspondente. Ter un parcial aprobado non exime de ter que recuperar a totalidade da avaliación.
d) O alumnado con dúas avaliacións suspensas na fase presencial do curso poderá alcanzar a nota máxima de 5 na media final ordinaria. En caso de ter unha das dúas avaliacións aprobadas, podería alcanzar a nota máxima de 6 sempre e cando teña na avaliación suspensa máis dun 3.5.
e) O alumnado coas dúa avaliacións presenciais aprobadas poderá optar a subir 1 punto como máximo en relación á media das avaliacións presenciais.
f) Avaliación Extraordinaria. Salvo que unha circunstancia excepcional o impida, faríase unha proba escrita presencial seguindo os criterios recollidos na programación deste curso.

## METODOLOXÍA, CRITERIOS DE CORRECCIÓN E VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN

| COMENTARIOS E TRABALLOS | 0 - 4,9 | 5 -6,9 | 7 - 8,9 | 9 -10 |
|---|---|---|---|---|
| Orixinalidade. Penalízase a reproducción directa ou duplicado a partir de calqueira tipo de fonte. | Transcribe boa parte do texto, incluidas ideas básicas que imprescindibles para identificar a obra ou o estilo. | Alterna a producción propia con insercións literais de outras publicacións. | Transcribe partes ailladas pero de forma anecdótica, primando en todo momeno a factura persoal. | Orixinalidade prácticamente absoluta. |
| Estructura: Fundamenta as características xerais de cada estilo fundamentándose nos elementos propios da obra tratada.<br>Manexa a terminoloxía con coherencia narartiva. | Expón as obras por separado sin entrar en comparacións.<br>Non relaciona os elementos da obra co estilo.<br>Non segue as partes dun comentario. | Consegue extraer algunhas diferencias de estilo fundamentándose nos elementos da obra ou obras presentadas. Respeta a estructura propia dos comenatrios. | Compara cada elemento da obra ou obras tratadas para fundamentar as características de cada estilo. Mostra calidade na expresión escrita e no manexo da terminoloxía. | Combina unha estructura adecuada coa calidade narrativa. Consigue extaer en todo momento as características propias do estilo ou do autor en base aos elementos da obra. |
| Contextualización. Relaciona as características da obra ou do autor dentro dun determinado contexto histórico e cultural. | Contextualización demasiado xenérica ou ben cargada de datos intrascendentes. Non aporta argumentos que permitan explicar a obra. | Aporta algunhas ideas de carácter histórico, cultural ou biográfico que permiten interpretar a obra. | Relaciona coherentemente as características da obra co contexto histórico e cultural na que se inscribe. | Contextualiza correctamente a obra e aporta datos concretos que permiten entender o significado profundo da obra. |